

PROVIDENCIA DE INICIO DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN

NÚMERO EXPEDIENTE	2024052401
ASUNTO	Contratación da substitución de válvulas de expansión das máquinas refrixeradoras do Museo de Pontevedra.
TRÁMITE	Incoación do expediente

O Vicepresidente, en virtude das competencias delegadas da Presidencia en materia de contratación, dita a seguinte PROVIDENCIA,

O art. 116 da Lei de Contratos do Sector Público (en diante LCSP), dispón a celebración dos contratos das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará motivando a necesidade do contrato nos termos previstos no art. 28 LCSP.

1. NECESIDADE E IDONEIDADE

O Museo de Pontevedra, pertencente á Deputación de Pontevedra, é unha institución pública, sen fins de lucro, ao servizo da sociedade e do seu desenvolvemento. A súa misión é formar, conservar, investigar, difundir e exhibir unha colección permanente de obxectos de arte de todo tipo, ofrecer exposicións temporais que inclúan pezas en préstamo, e cultivar e fomentar a arte cos medios adecuados, dirixindo actividades axeitadas que conduzan ao desenvolvemento artístico e cultural da provincia, levando a cabo e participando en actividades de relevancia nacional e internacional.

Para garantir a correcta operatividade dos edificios que integran o Museo de Pontevedra e a correcta conservación das obras de arte expostas, é necesario contar cun sistema de climatización das salas de exposicións a pleno rendemento, para cumprir coas condicións ambientais que require cada tipo de colección artística.

O pasado día 09.07.2024 detéctase a avaría das válvulas de expansión de gas refrixerante dunha das máquinas de xeración de frío que compón o sistema de climatización do edificio Castelao. Isto implica que a máquina non se atopa operativa, polo que unicamente está en funcionamento unha das refrixeradoras, co risco que isto supón para garantir as condicións climáticas correctas en tempada de elevadas temperaturas.

Cada máquina componse de dous circuitos de refrixeración, polo que temos un total de 4 válvulas de expansión. Ditas válvulas teñen unha vida útil en función das horas de funcionamento que se rexistren e, neste caso, as válvulas existentes xa chegaron ás horas



de funcionamento que indica o fabricante como vida útil do equipo, aínda que dúas delas seguen funcionando a día de hoxe.

A vista do que antecede, aínda que unicamente se detecta avaría en dúas das válvulas, si se aprecia o deterioro das outras dúas e, tendo en conta que estamos analizando un sistema crítico para o correcto funcionamento do Museo de Pontevedra polas condicións ambientais que se esixe, a área de mantemento considera necesario realizar a substitución das catro válvulas de expansión do sistema. Polo cal, o centro xestor propón articular un contrato de subministración e instalación de ditas compoñentes no sistema de climatización do edificio Castelao, entendéndose coma un mantemento correctivo para dar cumprimento á normativa vixente en materia de instalacións térmicas.

En relación á memoria específica que esixe a normativa de contratación sobre a necesidade e idoneidade da contratación obxecto deste expediente (art. 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público), así como os aspectos relacionados coa “natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato obxecto deste expediente”, a idoneidade desta contratación fundaméntase no Real Decreto 1027/2007, de 20 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Instalacións Térmicas nos Edificios (en diante RITE), sen prexuízo do que establezan outras normas que sexan de aplicación.

Tal como recolle o artigo 26 do RITE, para as instalacións térmicas con potencia nominal total instalada en xeración de calor ou frío maior a 70 KW, debe ser unha empresa mantedora especializada a que prestará o mantemento, neste caso de tipo correctivo. O Museo de Pontevedra non conta na actualidade con persoal técnico deste tipo nin medios para atender a reparación a realizar, tendo a obriga de contratar a empresa mantedora correspondente, posto que se trata de funcións específicas e concretas, non habituais, que só se poden prestar por unha empresa desta tipoloxía, debidamente habilitadas.

2. SERVIZO SOLICITANTE:

Museo de Pontevedra

Responsable do contrato:

Técnica de Mantemento

Responsable da Administración:

Xefa de Xestión

3. OBXECTO DE CONTRATACIÓN E DIVISIÓN EN LOTES:

Denominación do
contrato:

Substitución das válvulas de expansión das máquinas
refrixeradoras do Museo de Pontevedra.



Obxecto e contido:	O obxecto principal deste contrato é a realización da substitución e posta en funcionamento das válvulas de expansión de gas refrixerante das máquinas de xeración de frío do sistema de climatización do edificio Castelao (que tamén da servizo ao edificio Sarmiento) do Museo de Pontevedra.	
CPV:	50730000: Servizos de reparación e mantemento de grupos refrixeradores. 42500000: Equipos de refrixeración e ventilación.	
Lotes:	<input type="checkbox"/> SI	
	<input checked="" type="checkbox"/> NON	Xustificación: Tendo en conta a natureza e obxecto do contrato, non é posible a división deste en lotes independentes, dado que ocasionaría dificultades tanto de carácter técnico como loxístico, dificultando a correcta execución do traballo, de acordo co artigo 99.3.b) da Lei 9/2017, de contratos do sector público.

4. TRAMITACIÓN PROPOSTA:

Tramitación proposta:	<input checked="" type="checkbox"/> ORDINARIA	
	<input type="checkbox"/> URXENTE	Motivación:
Tramitación anticipada:	<input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> NON	
Incluído no plan anual de contratación:	<input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> NON	

5. FINANCIACIÓN:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe Bruto
2024	333.3330.632.03	36.772,14 €

6. PRAZO DE EXECUCIÓN/DURACIÓN:

Prazo de execución/duración do contrato:	Prazo de execución do contrato: DOUS (2) MESES como máximo, a contar dende a data de formalización do mesmo.
--	--



Posibles prórrogas nos contratos de duración:	<input type="checkbox"/> SI <input checked="" type="checkbox"/> NON
---	---

7. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN:	
CONCEPTO	
Substitución de pezas e equipos	29.919,62 €
Xestión de residuos	470,58 €
Orzamento	30.390,20 €
IVE	6.381,94 €
TOTAL (IVE engadido)	36.772,14 €

XUSTIFICACIÓN DOS PREZOS

O orzamento base de licitación do presente contrato divídese nos seguintes conceptos:

Man de obra	12.100,00 €
Materiais	18.290,20 €
SUMA	30.390,20 €
IVE	6.381,94 €
TOTAL	36.772,14 €

Os prezos utilizados para levar a cabo esta estimación, fixéronse de acordo cos prezos de mercado, tal e como recolle o artigo 102.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e tomando como referencia as ofertas presentadas para a realización destes traballos. Considérase que non resulta necesario a desagregación do custo dos salarios xa que, se ben hai custos económicos por salarios, non se trata dun contrato de servizos nos que a execución da prestación se efectúa por traballadores empregados e postos a disposición da administración, senón que se realiza polos mesmos prezos ou tarifas para todo o público en xeral, de forma que o uso da administración contratante é un máis de moitos e o custo é o propio ao prezo de mercado.

Así mesmo, non estamos ante custes salariais que contribúan a determinar o prezo, ben como un factor do prezo, ben por un prezo unitario por persoa traballadora por unidade de tempo de traballo adicional. O prezo depende dunha multiplicidade de factores empresariais que non permite a súa desagregación.



8. RÉXIMEN DE PAGOS:

A facturación realizarase cun único pago, debéndose emitir unha única factura. A contía a facturar será o prezo de adxudicación.

9. MEDIOS DE ACREDITACIÓN DA CAPACIDADE , SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCIERA:

Habilitación empresarial ou profesional específica:	<input checked="" type="checkbox"/> SI	<p>Especificación e explicación:</p> <p>Estar autorizada e en posesión da seguinte documentación, emitida polo organismo oficial que corresponda segundo a normativa de aplicación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Certificado de empresa instaladora de instalacións térmicas nos edificios. - Certificado de empresa mantedora de instalacións térmicas nos edificios. - Certificado de empresa no que se refire aos equipamentos fixos de refrixeración, aire acondicionado e bombas de calor de calquera carga de refrixerantes fluorados.
	<input type="checkbox"/> NON	

SOLVENCIA ECONÓMICA E FINANCIERA

O aplicable en defecto de previsión

<input type="checkbox"/> Outros	Determinación:
	Xustificación:
<input checked="" type="checkbox"/> Non procede	Tramitación para procedemento aberto simplificado abreviado

SOLVENCIA TÉCNICA

O aplicable en defecto de previsión

<input type="checkbox"/> Outros	Determinación:
	Xustificación:
<input checked="" type="checkbox"/> Non procede	Tramitación para procedemento aberto simplificado abreviado

COMPROMISO DE MEDIOS

A empresa adxudicataria comprométese a utilizar pezas e equipos orixinais á hora de repoñer ou substituír os elementos que sexan necesarios para garantir o correcto funcionamento das máquinas existentes.



Para a execución do contrato, a empresa adxudicataria deberá cumprir cos requisitos, habilitacións e obrigacións esixidos na normativa vixente. En particular, a empresa deberá contar, como mínimo, co seguinte persoal:

- 1 Técnico/a titulado que exerza a Dirección Técnica para a supervisión das instalacións e para a organización e dirección dos traballos.
- 1 Operario con carné profesional de instalacións térmicas nos edificios.
- 1 Operario con certificado persoal acreditativo da competencia para a manipulación de equipos con sistemas frigoríficos de calquera carga de refrixerantes fluorados.

10. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN:

Criterio:	Menor prezo ofertado. Valorarase o menor prezo ofertado, sen IVE, para a realización dos traballos obxecto do contrato.
Xustificación:	Considérase que procede establecer como único criterio de adxudicación o prezo debido a que o contrato non inclúe prestacións accesorias ou prestacións que non poidan considerarse normalizadas. Deste xeito, no PPT indícanse as prestacións a levar a cabo, equipo técnico e humano e habilitación empresarial necesaria e obrigatoria para realizar este tipo de mantemento. A realización deste traballo considérase practicamente normalizado no mercado, de maneira que non queda marxe significativo de valoración adicional, non establecendo posibilidades de ofrecer alternativas ou melloras respecto dos requisitos técnicos ou funcionais establecidos no PPT, tratándose en definitiva de comparar ofertas practicamente idénticas nas que tan só o prezo marca a diferenza entre as mesmas.

11. DETERMINACIÓN DO VALOR ANORMAL CON PLURALIDADE DE CRITERIOS:

Unicamente o criterio do prezo é o determinante para establecer o parámetro obxectivo que permita identificar o valor anormal da oferta, xa que non se propoñen outros criterios automáticos que determinen a viabilidade da oferta.

12. ESTRUCTURA E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR COA OFERTA:

As ofertas presentaranse segundo o modelo de proposición proposto.



13. PENALIZACIONES:

O aplicable en defecto de previsión.

14. OTRAS CLÁUSULAS:

1.- O prazo de garantía do contrato será de TRES (3) ANOS a partir da data de finalización dos traballos.

2.- As empresas licitadoras poderán realizar unha visita de inspección e comprobación da instalación obxecto do presente contrato, en horario de 9:00 a 13:00 horas de luns a venres, previa solicitude a través da plataforma de licitación electrónica, cunha antelación mínima de 2 días.

3.- Atendendo a tipoloxía de traballo obxecto da contratación, considérase necesario que a empresa adxudicataria teña subscrita, cunha compañía de seguros, unha póliza de responsabilidade civil que cubra a responsabilidade derivada dos traballos realizados por un importe mínimo de 300.000,00€.

Para isto, deberán presentar unha declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, á que se achegará a documentación acreditativa pertinente cando lle sexa requirido polos servizos dependentes do órgano de contratación.

Considerando.- O establecido no artigo 73 do Real decreto 1098/20001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RXLCAP), e en cumprimento dos principios establecidos no artigo 28 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, deberá determinarse con precisión a necesidade que pretende cubrirse, así coma a idoneidade do obxecto e contido do contrato para satisfacelas.

Considerando.- Que por Resolucións da Presidencia nº 2024002173 e nº 2024002205, de data 15 de marzo de 2024, delegáronse os inicios dos expedientes de contratación para obras, servizos e subministracións nas súas respectivas áreas.

Dispoño,

Primeiro.- Iniciar ou expediente para a contratación da *Substitución das válvulas de expansión das máquinas refrixeradoras do Museo de Pontevedra*, por estimarse xustificada a súa necesidade para atender ás demandas do interese público que a Deputación ten atribuídas.





Segundo.- Remitir ao servizo de contratación a seguinte documentación para que se prepare o pertinente expediente e se eleve ao órgano de contratación para a súa aprobación.

O presente escrito de Providencia de inicio do expediente de contratación conformado polo servizo xestor.

Prego de Prescricións Técnicas

En Pontevedra, na data da sinatura dixital.

